

# Cando o retrete se converte nun cubo de lixo

Os residuos improprios botados ao váter aumentan e xeran un considerable impacto ambiental e económico

**T**oallíñas, tampóns, lixivia, medicamentos, pinturas, restos de comida... que rematan no váter e que non deberían botarse alí é cada vez maior e, polo tanto, tamén o seu impacto ambiental e económico. Así o sinalan os responsables dos sistemas de depuración de augas residuais, que subliñan que a chegada de material artificial –nin residuos orgánicos nin excrementos humanos– é de 25 gramos por habitante e día en peso húmido, un 20 % da carga contaminante total achegada.

Polo tanto, as consecuencias ambientais e económicas dese lixo improprio son considerables. Os residuos biodegradables pódense depurar, pero xeran un maior custo e consumo enerxético, co conseguinte dano ambiental indirecto. De todos eles, os residuos químicos, de difícil depuración, son os máis perigosos porque provocan problemas finais en nos ríos e nos mares.

O sobreesforzo económico destes residuos supón entre un 10 % e un 18 % do custo público de depuración de augas residuais e, de seguir así, aumentará aínda máis, segundo estimacións da Asociación Española de Abastecementos de Auga e Saneamento (AEAS). Dende este centro, explican que a operación e o mantemento dunha depuradora para unha poboación de 300.000 habitantes pode roldar entre 0,13 e 0,20 euros diarios por metro cúbico depurado (por unha familia de catro membros, entre 48 e 73 euros anuais), segundo a tecnoloxía e as características da depuradora, isto sen incluír a amortización do investimento na infraestrutura.

## Residuos que non hai que tirar polo váter

A AEAS elaborou unha lista de produtos que os cidadáns tiran ao váter con maior impacto:

┃ **Hixiene persoal:** toallíñas hixiénicas ou húmidas, compresas, tampóns, cueiros, algodóns e outros materiais de celulosa ou téxtil similares, así como preservativos. Estes últimos son os máis visibles e os máis numerosos e, aínda que non son os máis perigosos para o medio, producen diversos atoamentos, danos e un maior consumo enerxético nos sistemas de saneamento. Fernando Morcillo, director xeral da Asociación Española de Abastecementos de Auga e Saneamento (AEAS), asegura que o sector dos produtos de hixiene doméstica utiliza unha publicidade desafortunada, xa que confunde características favorables –como a biodegradación– coa bondade ecolóxica absoluta ou a presunta comodidade (verter ao inodoro ou ao desaugadoiro), fronte ao seu extraordinario impacto negativo.

┃ **Fármacos e cosméticos:** a Unión Europea (UE) marca xa limitacións nestas substancias, xa que en baixos niveis lles provocan aos organismos acuáticos problemas de crecemento, de desenvolvemento, disfuncións sexuais e taras xenéticas.

┃ **Pinturas e disolventes:** os seus compoñentes químicos poden ser moi tóxicos e por iso convén non os desbotar polo retrete.



┃ **Xabóns e deterxentes:** teñen fosfatos que, vertidos na auga, provocan o crecemento de algas en prexuízo doutras formas de vida. As depuradoras necesitan uns procedementos químicos moi custosos para eliminálos.

┃ **Trituradores de lixo:** utilízanse para desbotar polo vertedoiro os residuos orgánicos, en vez de facelo a través do cubo do lixo. Esta mala práctica contamina as augas residuais, sobrecarga as depuradoras e atasca as redes de sumidoiros.

┃ **Aceites vexetais usados:** provocan unhas bólas de graxa que atascan os colectores e dificultan a saída dos gases, de maneira que producen malos olores nas cidades.

┃ **Graxas alimentarias e aceites usados de automoción:** teñen maior capacidade de obstrución que os anteriores.

┃ **Pesticidas e insecticidas:** conteñen cloro, xofre e sulfato de cobre e provocan as máis altas taxas de emisións a colectores e saneamentos públicos.

┃ **Equipos para reducir o cal e outros sales na auga de consumo público:** de uso cada vez máis habitual, incrementan a concentración de sales e provocan problemas na depuración e no vertido ás canles da auga depurada.

Simon Evans, da compañía Thames Water, encargada da depuración de augas residuais de Londres e doutras cidades británicas, engade a esta lista residuos sorprendentes que atoparon os seus responsables, como animais (peixes de acuarios, hámsteres ou xerbos), partes do corpo humano, como dedos das mans, ou partes dun coche.



## Como desfacerse dos residuos de forma responsable

Á hora de desfacerse destes residuos, o máis conveniente é utilizar os sistemas habituais de reciclaxe:

┃ **Produtos e substancias químicas perigosas:** deberían almacenarse e entregarse nun Punto Limpo (aínda que, no caso das pinturas e dos disolventes, non contan coa catalogación de xestores de residuos perigosos en moitas cidades).

┃ **Medicamentos:** hai que levalos aos puntos de recollida Sigre, situados nas farmacias e nos centros de saúde.

┃ **Aceite usado:** o aceite pódese reciclar e cada vez máis cidades ofrecen colectores específicos para iso.

┃ **Residuos orgánicos:** por un lado, poderíase separar o lixo que se xere e, por outro, poderíase poñer no cuarto de baño unha papeleira para engadir despois ao resto de lixo orgánico producido na casa, e depositalo no colector correspondente.

➤ [www.consumer.es](http://www.consumer.es)